
	CONSELLERÍA DO MAR XUNTA DE GALICIA Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25		XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--	---	--------------------------------

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/35-1
Entidade	CONFRARÍA DE LAXE	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ámbito do plan	Dende punta Morelo a punta Padrón
Subzonas de explotación	Zona A: dende praia de Laxe a punta Padrón (CM-109) e pedras cercadas Zona B: dende praia de Laxe a punta Morelo (CM-108) e pedras cercadas

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
4	23	52
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		90										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X

Topes de captura			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación/día	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg (peso neto) 6 kg (peso bruto)	-	5 kg (peso neto) 6 kg (peso bruto)

Artes a empregar	Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	--------------------------------------

Puntos de control	Lonxa de Laxe
Puntos de venda	Lonxa de Laxe

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O plan presenta un listado cun total de 22 embarcacións -ás que lles corresponderían 49 cotas- con 42 tripulantes habilitados, cando conforme aos datos da Consellería o número de embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Laxe é de 23 con 52 habilitacións. Non inclúe a embarcación "MARIA ROSARIO" (CO-1-2398), despezada e aportada como baixa, para a que debe manterse reserva de praza.

Ampliación: Non se aproba a solicitude de cubrir as 3 habilitacións vacantes da embarcación ----- para a que se reserva praza mentres non xurda (ou xurdan) a nova construción que poida trasladar o recurso específico de percebe.

Calendario de extracción: á vista da evolución deste plan, o número de días máximos queda fixado en 90 días.

Extracción dirixida ao percebe "alongado" que se desenvolverá baixo as seguintes condicións:

- Solicitude expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes e talla mínima
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.
- Cota máxima de captura: 10 kg/percebeiro/día e 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximo de extracción.



- Esta extracción desenvolverase durante os meses de maio e xuño
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.
- As zonas nas que se levará a cabo esta extracción deberán estar claramente identificadas

Xestión da explotación: A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das dúas zonas de produción, ademais de establecer unha veda xeral entre o 12 de outubro e o 12 de decembro.

Cota máxima de captura: Establécese unha cota en peso neto de 5 kg/percebeiro/día e 5 kg/habilitación enrolado e a bordo/día e unha cota en peso bruto de 6 kg/percebeiro/día e 6 kg/tripulante habilitado enrolado e a bordo/día.

Puntos de control: Determinase como único punto de control a lonxa da confraría de Laxe, aínda que se establecen puntos de supervisión previos nas zonas de extracción na que se estea a traballar, nos que se inspeccionan as embarcacións e aos percebeiros, se controlan despachos, habilitacións, permisos de a pé, cupos e tallas:

Zona A:

- Punta Cabo de Area
- Punta Cabalo
- Punta Rubia
- Niño Daija
- Punta Mundiña
- Punta Padrón
- embarcación de vixilancia

Zona B:

- Cemiterio
- Mirador
- Faro
- Punta Besugueira
- rampla da Balieira
- embarcación de vixilancia

No punto de control propiamente dito, se realiza unha nova pesaxe do produto e se expiden os documentos de transporte. A información obtida no punto de control deberá ser contrastada coa información do punto de supervisión.

O paso polos puntos de supervisión, así como polo punto de control, é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan. As persoas responsables da supervisión e control son os vixiantes da confraría.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Vixilancia: Os integrantes deste plan colaboran nas labores de vixilancia dos bancos de percebe, sendo obligatoria a súa participación. Non aclara se estes días computarán como días de actividade a efectos da renovación dos permisos de explotación de percebe a pé.

Réxime sancionador: O plan reflicte que o incumprimento das normas dos puntos de supervisión e control e das vixilancias será sancionado conforme ao establecido nos



regulamento de réxime interno da agrupación, e no caso de infraccións tipificadas na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, elevarase a acta da infracción á Consellería do Mar.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se esperan xerar no desenvolvemento deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- De ser o caso, forma na que computarán os días de vixilancia a efectos de revalidación dos permisos de explotación a pé e forma na que se realizará o control de asistencia e persoas responsables.